



Suxestión dirixida ao Concello de Outeiro de Rei para que avalíe, dentro da súa capacidade organizativa, a aprobación dun Regulamento Orgánico Municipal no que se regulen os debates plenarios así como os elementos de debate e fiscalización a disposición dos concelleiros e concelleiras; así como que facilite o debate das mocións presentadas polos concelleiros e concelleiras de Outeiro de Rei, especialmente naquelas cuestións que atinxen aos servizos municipais que son competencia municipal

Expediente: N.9.Q/11176/22

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX, voceiro do grupo municipal do XXX en Outeiro de Rei.

No seu escrito fai constar, esencialmente, o seguinte::

Motivo da reclamación: Limitación arbitraria do dereito a participación política, en contravención do artigo 23 da Constitución Española; do artigo 4.2 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 e abril, do Estatuto de Autonomía para Galiza; da Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia; da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

(..)

En data de 28 de outubro do presente ano celébrase Pleno Ordinario do Concello de Outeiro de Rei, após convocatoria de 25/10/2022

Como consta na citada convocatoria e na orde do día do Pleno, debía terse debatido e votado unha moción do Grupo Municipal do XXX, relacionada coa recollida de residuos sólidos urbanos.

Sen xustificación mediante, sen motivación e sen que a extensión do Pleno aconsellase a súa finalización inmediata, o Alcalde do Concello decide unilateralmente non debater nin votar a

moción presentada, cuestión que quedou patente coa protesta do voceiro do Grupo Municipal do XXX e así o deberá recoller a acta correspondente.

Nótese que no Concello de Outeiro de Rei non existe Regulamento de Organización relativo aos Plenos, malia as reiteradas solicitudes de regulalos por parte do noso Grupo Municipal. Esta ausencia, e a inaplicación por parte da Alcaldía da normativa legal en vigor de xeito subsidiario, provocan unha situación constante de arbitrariedade no desenvolvemento dos Plenos, con impedimento dunha participación plena nos asuntos municipais, limitando indebidamente a fiscalización do Goberno Local e coartándose así os nosos dereitos como concelleiros.

Por se esta vulneración do noso dereito constitucional e estatutario non fose abonda per se, debe tomarse en consideración que o Pleno é o único espazo de participación política dos grupos da oposición no Concello de Outeiro de Rei, dado que non temos representación algunha nin nas Xuntas de Goberno nin na Comisión de Organización. Sendo ademais que, segundo acordo do Pleno de Organización, no noso Concello só se celebran seis Plenos ao ano, a nosa capacidade de control do Goberno Local é non só exigua, senón, insistimos, sometida ao albur arbitrario da Alcaldía.

(..)

O escrito de queixa acompaña copia da Orde do día do Pleno en cuestión.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nolo remitiu co seguinte contido:

“(..) no hay duda de que una moción urgente puede quedar sobre la mesa (a instancia del Secretario o el Interventor) pues parece viable que el Alcalde no permita la votación en un asunto que no es de competencia del Pleno, pues la competencia es un requisito de legalidad de los actos administrativos, y existe la obligación de respetar la distribución competencial entre los distintos órganos del Ayuntamiento. Por eso, únicamente las cuestiones que sean de la competencia del Pleno deberían ser materia de debate y votación por parte de éste, pudiendo el Alcalde denegar la inclusión de propuestas que se formulen viciadas de incompetencia, (previo asesoramiento del Secretario municipal).

Esta decisión del Alcalde de denegar la inclusión, se fundamentaría en razones de legalidad del artículo 34 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas - LPACAP-, en vigor a partir del 2 de octubre de 2016; en concreto, por no ser el Pleno el órgano municipal competente para la adopción del acuerdo, y del ejercicio de la facultad que conlleva determinar los puntos del orden del día. En este sentido se pronuncian las Sentencias del TSJ Cataluña de 10 de enero de 2002 y del TS de 17 de febrero de 2004, declarando esta última sobre el particular (si bien se refiere a las mociones urgentes) que, si bien es cierto que la declaración de urgencia corresponde al Pleno, "no hay que olvidar

que ello no autoriza a que por la vía de declaración de urgencia, se trate de alterar el régimen de competencias establecido en las normas sobre el régimen local, ni a que se traten asuntos que, o no son urgentes, o que exijan unos trámites previos".

Por tanto, se decidió dejar sobre la mesa debido a que si bien se incluyó en el orden del día, tal y como solicitaron los miembros del grupo municipal del XXX, ciertamente, una vez analizada, no era asunto de competencia plenaria.

Los asuntos de competencia plenaria son aquellos que la Ley de Bases de Régimen Local 7/1985 le atribuye al Pleno de la Corporación, no teniendo en ningún caso competencia residual. Con lo cual, a falta de competencia expresa, esta es del alcalde.

En el Pleno de organización del artículo 38 del ROF celebrado el 20 de junio de 2019 se delegó por parte del Pleno de la Corporación en la Xunta de Gobierno Local la competencia relativa a

- As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.

Con lo cual en la actualidad carece el Pleno de cualquier tipo de competencia en materia de diseño de líneas de recogida de residuo, pues ellos forman parte de la contratación del servicio. (..)"

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. O artigo 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local define as atribucións do Pleno Municipal, entre elas as de control e fiscalización dos órganos de goberno así como as de aprobación as fórmulas de xestión dos servizos así como os expedientes de municipalización. En todo caso, o Pleno é o órgano de análise, debate, fiscalización e proposta política dos concellos, especialmente naqueles, como é o caso de Outeiro de Rei, nos que a oposición non ten presenza noutros órganos municipais.

O artigo 11 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que: "Son dereitos e deberes dos membros das Corporacións locais os recoñecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, e os regulados no seu desenvolvemento e aplicación polas disposicións estatais alí mencionadas, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e polas

Leis da Comunidade Autónoma correspondente sobre Réxime Local (..)”. Entre os ditos dereitos están o de participación no Pleno Municipal, intervención e presentación de propostas de interese municipal.

A Sala en Pleno do Tribunal Constitucional, na súa Sentenza do 25 de novembro de 1998, ditou que *"A participación política dos cidadáns nos asuntos públicos por medio de representantes está unida no art. 23.1 CE á existencia de eleccións libres, periódicas e por sufraxio universal. Sistema electoral e participación política son, así, o marco dos dereitos de sufraxio como dereitos fundamentais, aínda que, pola súa propia condición, contén un contido indispoñible para o lexislador (art. 53.1 CE)."* Así, o artigo 23 da C.E. consagra o dereito da cidadanía para participar nos asuntos públicos por medio de representantes e, polo tanto, a presentación de mocións por parte dos concelleiros nos plenos municipais, forma parte do seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

As mocións presentadas diante dun pleno municipal poden referirse a asuntos de competencia plenaria, poden referirse a cuestións políticas que pretendan unha posición determinada do concello diante dunha cuestión que excede o ámbito municipal ou poden referirse a temas que non son de competencia plenaria pero si competen a outros órganos municipais. Neste último caso resulta certo que o texto ou o acordo que promove a moción non pode substituír a responsabilidade do órgano competente aínda que si pode debaterse con efectos, exclusivamente, políticos.

No caso que nos ocupa, a moción viña incluída na orde do día do Pleno e o seu debate non se admitiu co argumento de que *"(..) unicamente las cuestiones que sean de la competencia del Pleno deberían ser materia de debate y votación por parte de éste (..)"*. Porén, este argumento non se emprega noutras ocasións tal e como se deduce das actas plenarias correspondentes ao mes de febreiro do ano 2022 no que se debateu unha moción esixindo o cese do ministro de Consumo do Goberno de España, a do mes de xullo de 2022 na que se reclamaba o arranxo dunha infraestrutura viaria dependente da Administración Xeral do Estado ou mesmo no pleno do mes maio do 2022 (no que se presentou a moción obxecto desta queixa) no que se someteu a debate unha moción esixindo ao Goberno de España e ao Goberno da Xunta de Galicia distintas medidas económicas que afectan ao IAE, ao IVE, ás peaxes, etc...

Xa que logo, o Pleno municipal ten debatido mocións nas que se tratan medidas e cuestións que non son competencia nin plenaria nin mesmo municipal. Mesmo cómpre lembrar que a xestión de residuos é unha competencia municipal que, efectivamente, o Pleno pode delegar na Xunta de Goberno Local, pero que non priva nin ao Pleno nin aos concelleiros e concelleiras da posibilidade de elevar propostas para o seu debate. A maiores cómpre subliñar que o concello non conta con Regulamento Orgánico Municipal onde se delimiten os asuntos que poidan incluírse nas mocións.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello as seguintes suxestións:

- ***Avaliar, dentro das súa capacidade organizativa, a aprobación dun Regulamento Orgánico Municipal no que se regulen os debates plenarios así como os elementos de debate e fiscalización a disposición dos concelleiros e concelleiras***
- ***Facilitar o debate das mocións presentadas polos concelleiros e concelleiras de Outeiro de Rei, especialmente naquelas cuestións que atinxen aos servizos municipais que son competencia municipal***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo